

Cumbres borrascosas E. Brontë


Os nevoentos e sombríos páramos de Yorkshire son o singular escenario onde se desenvolve esta historia de vinganza e odio, de paixóns desatadas e amores desesperados que van máis alá da morte.

Tristezas de Bay City R. Chandler

A historia comeza cunha chamada telefónica que, nunha tediosa tarde de verán, recibe o detective privado Johnny Dalmás no seu despacho. Dende este momento, Dalmás vese envolvido nunha arañeira de intrigas de dimensións insospeitadas.

El mundo perdido A.C. Doyle

Novela de aventuras con apuntamentos fantásticos e de ciencia ficción. Ten como protagonista ao profesor Challenger, eminente zoólogo de enorme cabeza e no menos dotada intelixencia que fustiga as estreitas mentes dos seus colegas
coas súas hipóteses e achados increíbles.




Lord Jim J. Conrad

Jim é un mozo idealista que descobre o mar a bordo do Patna, un vello vapor que transporta a oitocentos peregrinos cara a La Meca. Unha noite, o barco afúndese e a tripulación abandónao sen auxiliar os peregrinos.

Historias de piratas D. Defoe

Misson, un mariño francés, navega polo Índico e as costas africanas e coñece a outros piratas, cos que conquista Libertaria. Axíña se producen loitas cos nativos e os piratas convértese en sanguinarios.



A esmorga E. Blanco Amor

A esmorga narra o tráxico final duns individuos marxidados pola sociedade tras unha bebedela. Os tres protagonistas deambulan polos arredores da cidade de Auria bebendo soñando sin poder escapar da traxedia que a miseria tenos destinada.



Lady Susan J. Austen

Novela epistolar que narra os plans da protagonista, a recentemente viúva lady Susan, para encontrar un novo marido, á vez que intenta casar a súa filla de dazaseis anos. A obra subverte todas as normas da novela romántica: lady Susan ten un papel activo; non só é fermosa, seno tamén intelixente e inxeniosa, e os seus pretendentes son significativamente máis novos ca ella.

Marcovaldo I. Calvino

Marcovaldo narra as desventuras dun pobre obrero por sacar adiante a súa familia, un home inxenuo fascinado pola natureza.



Memorias dun neno labrego X. Neira Vilas

Balbino é un neno labrego que ten unha familia moi pobre, pero esto non lle impedirá que lle sucedan moitas aventuras que plasmará nun caderno. É un neno aventurero e vergonzoso, moi pícaro e valente. Pensa moito no mundo e o reflexa nos episodios na súa vida como labrego.

Ela, maldita alma M. Rivas

Colección de relatos protagonizados polas diferentes formas que pode adquirir a alma: unha barra de pan, un loro, un enxame de abellas o unha guitarra eléctrica.

Paul se va a trabajar este verano F. Pimentel

Paul é un adolescente insatisfeito, apaixonado e inocente. Tras abandonar prematuramente o instituto, infeliz co seu novo traballo nunha imprenta, Paul recibe unha oferta como monitor nun campamento de verán, o que lle permitirá madurar como persoa.



Nimbos X.M. Díaz Castro



A grande obra poética que converteu o seu autor nun dos grandes das Letras Galegas.

El prisionero de Zenda A. Hoppe Hawkins



Obra clásica de aventura e amor. A historia sucede nun país imaxinario onde o rei é secuestrado. Un familiar, dun parecido increíble, chegará a substituír o propio monarca coa intención de preparar un plan para rematar coa conspiración.

Relatos Chéjov

Un recopilatorio de contos dun mestre do xénero. Acompañan a *El beso* outros contos igualmente maxistras como *Campesinos* e *La dama del perrito*.

Todo lo que hay que saber de todo lo que hay que saber D. Tatarsky

Toda a información que deberías saber de todo: o noso planeta, o universo, a ciencia, a política, a historia da arte, ...



Enigmas y juegos de ingenio E. Muñiz

Sabías que, ao igual que a actividade física, o exercicio mental pódenos proporcionar unha sensación de éxito, mellorar o noso humor e ata causarnos un intenso pracer? Este libro pretende poñer a proba a túa axilidade mental.

O porco de pé V. Risco

Unha das obras máis emblemáticas e importantes da narrativa galega.

Nela o autor satiriza o gregarismo e a vulgaridade, a sociedade burguesa, a hipocrísia dos políticos e a homoxeneización das ideas



Ó traveso da escura teadaraña deste mundo unha estrela cai no río da miña vida e quédame chamando. A beleza feirume para sempre.

Xosé María Díaz Castro
Autor das Letras Galegas 2014

“Como unha Espada”

LECTURAS PARA O VERÁN

A Esperela deséxavos felices vacacións e boas lecturas

Non vos vaiades sen pasar pola biblioteca

www.biblioaesperela.blogspot.com
aesperela@gmail.com



IES O Mosteirón (Sada)

